

TRIKITRÍ



O grupo TrikiTrí nace a principios de 2020 formado por catro músicos de Fene (A Coruña) cunha longa bagaxe en grupos de música tradicional, folk e outros estilos na comarca de Ferrolterra tales como Airiños de Fene, Silvardeira, Eiravedra, Encrucillada, Fiúncho, Os Cempés, Pettitswing ou Mr. Dixie.

O estilo e repertorio de TrikitrÍ ven influenciado polo son da trikitixa (o acordeón diatónico vasco) ao que se une unha curiosa mestura de instrumentos tales como a gaita electrónica, o caixón e a guitarra acústica, co que interpretan tanto temas tradicionais vascos e de autor con sabor galego, coma temas tradicionais galegos con sabor vasco, ademais de temas propios moi influenciados polos sons das dúas culturas.

Se ben coa pandemia da COVID-19 os ensaios foron intermitentes e os primeiros concertos tiveron que pararse, a proposta do grupo é de concertos cunha música dun estilo orixinal, novidoso e con moita forza.

Compoñentes:

- Óscar Alfonso: Trikitixa
- Alberto Maceiras: Gaita electrónica
- Óscar Panceiras: Guitarra acústica
- Alberto Romero: Caixón e outras percusións